



MANDÉU

(Cuento premiado en los Juegos florales de 1946.)

A historia foi ouvida por min á vella criada, moitas vegadas, n-aquelas interminavejs noites de inverno, cando, sentados acarón do lar, a miña irmán e máis eu agardábamos a que os nosos pais chegaran da rúa pra darlles as boas noites, ofrecerlles o bico derradeiro da xornada e deitarnos coa súa beizón, dando eisí remate á xornada cotidián. A vella sirvente, pese aos anos que levaba ausente da terra nativa, a bisbarra betanceira, non-a esquecera xa máis.

Cando, pra entreternos e atendendo aos nosos pregos, escomenzaba o recitado de vellas historias, de contos anergos, de fermosas lëndas qu'ela ouvira tamén surtire d'outros beizos familiares sendo nena pra o seu divertimento, casi de cote, invariabelmentes, o esceario dos seus relatos era a terra brigantina por onde ela dera as súas primeiras pegadas e da que sempre tivera acesa no seu corazón e na súa mente a luzada de relembro agarimoso e filial.

De todos ises relatos, dos que hoxe aínda moitos perduran acesos e vivos por obra de unha tradición oral que se non creba endexamáis cando ela se afinca en xentes que saben sentiren porque teñen corazón, e porque teñen sentimento, un había que se me non esqueceu nunca. D'él serán como unha ample referencia, como unha comunicación pormenorizada, e non espida de cumpridos adobíos, istas liñas que van a continuación. Ouvideas, pois, que aínda fallas d'eispreción, i-espidas de galanuras, probes, n'unha verba, non deixan emporiso de teren certo encanto: o encanto que teñen os relatos sinxelos, pleos de naturalidade, ategados de realismo que ás vegadas atopamos nos vellos pergameos, atraendo a nosa curiosidade, ista curiosidade xa un pouco cansa, e un pouco de volta de total-as cousas, de homes de un século como o actual todo desacougo e febrilidade, pñdo na morea de lecturas que nos asoballa, a nota inxenua, a un tempo sedante e tranquilizadora, das vellas lembranzas tan acolledoras e atraintes.

*
*
*

I

A loita fora dura i-enrabexada. Todos cumpriran como bos e o esforzo feito ficara ben recompensado. A terra patria, regada a eito con suor, bágoas e sangue, ampliárase notabelmentes dimpóis da victoria. No que fora campo de batalla aínda ficaban pequenos grupos da retaguardia musulmán que se non daban por vencidos, si ben a súa resistencia inútil iba por momentos sendo domiñada. Os laios lastimosos dos feridos que non foran aínda recollidos do lugar da loita, se ouvían por todas partes. Acosados contra de unhos outos penedos que impedían a súa posibilidade de retirada, o cabaleiro don Mendo —gala e frol dos cabaleiros galegos que formaban nas fias do exército cristián astur galaico— con un feixe de compañeiros se defendía con heroicidade na proporción de un contra dez, preferindo abranguer unha morte honrosa, que xa andaba aos axexar, á vergoñia de unha rendición que significaría muy probabelmentes a escravitude. Un traís outro, os rexos loitadores, perdido o contacto cō groso das forzas cristiáns, que xa se adobiaban cos loureiros do trunfo, iban caendo. O cerco dos que se resistían faguíase cada vegada máis estreito. A recuada salvadora non era posibel. Soio un miragre po-

dería salvar a aqueles valentes que tan caras vendían as súas vidas. E o miragre xurdéu. Decidido a vender cara a súa vida, don Mendo recuóu, acompañado polo-seu fidel escudeiro Martiño, deica un pequeno curuto que ocultaba un vieiro estreito, casi invisíbel, pra dende alí terminar de que se alongara aquela resistencia xa infroituífera.

Ao tempo que don Mendo e Martiño poñían o pé no pequeno curuto, os seus ollos divisaron unha pequena furna, e n-ela unha soma branca que os acenaba como chamándoo, cando xa as somas da noite escomenzaban a envolvere o que fora ampre esceario da batalla. Don Mendo non fitóu ren de aquela visión. Non éisi Martiño, que axiña se deprecatóu do feito e termóu de acaroarse á visión. A súa sorpresa foi estraordinaria: a poucos metros d'él atopábase a filla de don Mendo, aquela filla que un día abandoara o fogar paterno pra consagrarse a Deus n-un mosteiro de freiras perdido antre aquelas asperezas, cuio mosteiro tiveran que abandoar por medo aos mouros, vivindo dende aquela n-un acobillado cenobio qu'elas improvisaran n-aqueles arredados recunchos. Martiño abalóu tremante coa sorpresa e domiñado pol-a emoción. Súpeto como un lóstrego herróu por don Mendo. E ambos, xa acarón-da filla cuia aparición providenzal n-aqueles sitios ninguén pensara, seguindo as súas instruccións e guiados por ela déronse a camiñar de prêsa, introducíndose pol-a furna, aproveitando pra o millor éisito da súa retirada a negruira da noite que xa descera totalmente, e indo a surtir, dimpóis de percorrer un bon freito pol-o interior da cavidade subterránea, a un novo vieiro pedregoso aberto xa á luz, ao fin do cal dimpóis de un non pequeno percorrido, abrangueron a casa onde as freiras tiñan o seu retiro axeitado. Atentos a camiñar, porque eisi o eixixia a súa propia seguranza, non poideran aínda dar renda solta aos pensamentos e ás eispresións que pugnaban por ceibarse do seu peito. Cando xa chegaban, llduara—a filla de don Mendo—rompêu a falar. E as súas primeiras verbas foron dimpóis de se ter axoellado, cousa que imitaron os dous guerreiros pra dare gracias a Deus pol-o favor estraordinario qué findaban de abrangueren.

Na noite silandeira as arbres mêstas que por alí cubrían unha grande eistensión daban o murmurio misterioso dos seus susurros, que tiña as semellas de unha ouración sen verbas, sinxela e fervente. E iste murmurio, acompasado cō fluir macio de un rio que perto de alí pasaba, acompasándose cō bisbiseo das oracións que os tres recitaban en tal intre n-aquel esceario, agreste pro belido, onde a bondade de Deus ficara de amostrarse, a emoción fonda e singular que o sobrenatural produce, e que n-aqueles homes de guerra, rudos e fortes, andaba a se manifestare coas grosas bágoas que percorrían as súas fazicas e coas loubanzas ferventes que dos seus peitos xurdían e que, paseniño, iban rubindo deica as outuras onde o bon Deus, que os salvara, tería de acollelas con dozura e agrado paternaes.

llduara foi a primeira en encetar a parola. Invitados por ela penetraron na humilde e santa mansión onde as súas irmáns en relixión e virtude agardarian, témeras e receiosas, a chegada da compañeira que por inspiración especial e descouvindo consellos e admonicións se aventurara a eispôr a propia eistencia coidando que cicáis —je ben tiña acertado!— a costa d'ela moi ben poidera salvarse as de algunhos semellantes.

Don Mendo, ao fin, puido ceibar o feixe de verbas que até aquil intre contivera choídas, pendentas como estiveran toços de non perdel-o tempo pra que non coutase ren o seu propósito de se arredaren todo o máis que puideran do perigo que findaban de pasaren.

Domiñado pol-a emoción, don Mendo estreitóu contra do seu peito a aquela filla que tan outo servizo emprestara a él e ao seu fidel escudeiro, xa que sen a súa intervención, verdadeiramente miragrosa, as súas vidas terían xa rematado.

—Si eu son o autor da túa vida —decía don Mendo— a ti débocha agora. Levada dos outos sentimentos que sempre te domiñaron arriscáche a faguel-o ben. E Deus, sempre bondadoso, quixo premiarte, faguedo que aquél que a ti tería de deberche a vida fose eu, teu pai, e fose, asemade, iste bon Martiño que tanto ten percurado por ti cando aínda eras nena e andabas a xogare coa filla d'él, que agora seguramente agardará, desacougada e témera, a volta dos qu'eiquí providencialmente nos achamos.

E Martiño engadéu: —Si deica agora estiven cinguido ao teu pai e a ti por estreitos lazos de agradecimento e veneración familiares, a partir de hoxe eu seré pra vos o debedor obrigado qu'endexamáis pagará a débeda contraída, ista débeda que soio unha acción singular, o sagrefizo de todo o que máis vale, a propia vida, poderá satisfaguere en certo xeito.

I-eisi os dous guerreiros salvados seguiron eisteriorizando as súas verbas de gratitude e recoñecimento, que llduara trataba de rechazare con verbas axeitadas, pondo fin ela mesma á conversa e instándoo a que termasen de descansaren e recobrar forzas, xa que se faguía perciso qu'eles voltaran ao castelo qu'era a súa morada adoitada pra ver de tranquilizaren aos familiares e colonos que, impacientes, agardarian a súa volta.

Segundo as indicacións de llduara, á que xa tiñan rodeado algunhas compañeiras de mosteiro, os dous guerreiros penetraron no interior da vivenda monástica onde lles foi oferescida unha modesta e frugal refaición que lles permitéu recobrare forzas. Ao tempo que isto faguían, e trocando pareceres e opinións, decidiron realizar sen pérdida de tempo, o máis axiña posíbel, o regreso ao vello castelo, de alí non tan arredado pra os que coñecían os atallos ocultos que até él levaban e que ningún bon coñecedor do país —e don Mendo e Martiño se encontraban n'ise caso— podía iñorare.

Iduara, previsora de cote, dimpóis de trocar algunhas verbas coas compañeiras, enviou recado a unhos colonos veciños pra que, de prêsa, se presentaran no mosteiro traguendo dúas cabaleirias nas que don Mendo e Martiño regresarian ao seu fogar. A orde non tardou en ficar cumprida. I-eran as derradeiras horas da noite, aquelas horas nas que as somas noitébregas iban cedendo o paso ao craror do día, cando dous xinetes seguidos por un lixeiro espolique camiñaban a bon paso por vieiros non tripados e moi ocultos en procura do castelo da Coutada, que non tardaría en ser abranguido.

Cando os viaxeiros encetaban a súa camiñata bruaba o vento. O ceio, prêto como unha maldición, rachábase por vegadas, deixando albiscar a faciana ineispresiva do disco luar que semellaba axexar curioso trais veaduras negras.

Non lonxe do vieiro se ouvía o ruído de unha corrente de auga, o bulidor algueireiro de un río que así acusaba a súa presenza. E por vegadas o berro agoreiro do moucho rubraba, misteriosa e fortemente, os medos da noite. De súpeto, don Mendo que iba o primeiro da fileira que os tres faguían, ficou inmóbel; os seus ollos fitaron algo e o seu brazo asíñalou pra o fondo; na parte baixa do estreito val veciño brilaba unha forte craridade rubindo do río, que se non ollaba, pro que se presentía, e aquela craridade rápida como un lóstrego marcara istas verbas «Man de Deus».

II

Pasaron algunhos anos, non moitos, dende que os feitos denanteriores tiveron ocorrido. A tarefa reconqueridora iba, paseniño, pro firme e segura, abríndose paso. Emporiso, n-algún intre ela fitouse trabada pol-as discordias qua às vegadas xurdían ante os nobres cristiáns que se disputaban a coroa cuia sucesión, por ser eleitiva, posibilitaba faes contratempos. Un de ises intres tiña chegado na época da nosa relación. Morto o lexítimo poseedor da coroa, ista houbo de vir a sere poseída por un nobre usurpador que, sen dereito pra tal posesión, abrangueira faguela boa pol-a imposición da forza, alongándose dimpóis o feito ilegal perante tres sucesores, un dos cales, o derradeiro, pra se asegurar na ilexítima posesión contra os perigos que de fora poideran ameazala, se ousara a faguer cō enrabexado enemigo musulmán un pacto vergoñoso, pacto consistente na entrega ao seu emir d'un trabuco inexplicable de varias doncelas escolmadas antre as máis distintas do nacente reino cristián. Pra cumprilo, o monarca—cuio nome, eisí como o mesmo feito, tan discutido foi e sigue sendo aínda pol-os eruditos e historiadores—fixera unha xuntanza dos seus principaes cabaleiros. D'ela, baixo a ameaza do monarca usurpador, saléu o compromiso que os asistentes contraíran de acceder sen réprica e sen demora, quen por medo, quen por inexplicable transixenza á demanda, imperiosa e sen voltas, que o usurpador fixera pra que, de ise xeito, a promesa musulmán de non faguer armas contra do usurpador, se mantivese ergueita.

Don Mendo, un dos asistentes á xuntanza de principaes na que o usurpador deu conta do vergoñoso pacto rubrado cō mouro, voltaba ao seu fogar ateigado de carraxe, abafado por fonda pena e baixo a pouta entolecedora de un intenso remorso. Seguido, casi a rentes, pol-o seu fidel escudeiro Martiño, trais do que viñan algunhos servidores máis, don Mendo non deschoía os beizos pra ceibar verba algunha. Rexa, tromenta bruaba dentro do seu ánimo. Decatábase do compromiso contraído, decatábase de como tal compromiso o viña a ferir a él no que máis estimado tiña, e decatábase, asamede, de que calquer solución pra termar d'eludil-o se non faría posíbel dado o xeito que os feitos tomaran e as circunstancias especiaes que no seu caso concurriran. Lle ficaban oito días de mortal anguria, oito días de pesadela abafadora, perante os que un miragre, soio un verdadeiro miragre, podería deixar crara a súa situazón e devoltarlle aquela tranquilidade que semellaba tere fuxido d'él pra sempre.

Chegados ao castelo e descidos das súas cabalgaduras os xinetes que compuñan a pequena cabalgada, don Mendo, seguido do fidel Martiño, dirixese en procura da súa dona que xa agardaba na porta do aposento principal. Enfrentadol-os esposos, don Mendo deixouse cair nos brazos da nobre señora, que se abriron pra acollelo cō meirande aloumiño. A tal mostra de agarimo don Mendo correspondéu friamente, desasíndose súpeto da aperta, pra se deixar caer n-un dos amples sillóns que amoblaban a dilatada estanza, antramentras que a súa dona fitaba pra él con marcado é natural abraíamento. Coa testa apoiada nas mans, don Mendo non tardou en falar. As verbas surtían dos seus beizos entrecortadas, graves, ateigadas de emoción:

—Consumóuse o qu'en xa temía. Enriba de nós caéu unha enorme disgraza. Aquel home sin entrañas, que para usufruitar un posto que lle non correspondía non dubidóu en chegar ás meirandes vergoñas, contando pra elo cō noso asentimento cobarde, cō asentimento de todol-os que nos chamamos indebidamente señores, e que por medo chegamos a transixenzas que se non axustan cō noso falso señorío, decidéu mercar unha tregoa pacífica cō mouro, ofrescéndolle o prezo inestimábel de unha dádiva que pagaremos nós, os señores que temos fillas e qu'él, ruín e cobarde, non pagará. N-un prazo breve —oito días pasados de sol a sol— ao caer da serán, os esbirros do que se di monarca cristián e que soio é un miserábel detentador de un posto qu'endexamáis lle correspondería si nós, os señores, houbéramos sabido sere homes e non simpres monifates da comparsa pseudo-real, terán de se alcontraren na riveira do río

grande, que non lonxe d'eiquí rega as terras vizosas e belidas da nosa bisbarra, pra faguerse cárrago da preciosa dádiva, varias dúcias de doncelas escolleitas qu'él, o malvado, ofresce ao musulmán a troque da súa paz e que nós mesmos, afectados pol-a indigna e perversa composición, teremos de entregare aos encargados de conducilas ao que vai sere, si Deus non-o remedia, o seu dono.

—A verba está dada e hai que cumprila. Vai n-elo a vida. Eu casi toleo e tremo pensando o xeito de que me valeréi pra conseguir que a miña filla poida ser eisimida de tal afronta. Porque a miña filla é unha das asinaladas en pirmeiro termo. I-eu non quero, non poidó querer, non-o toleraréi, inda que pra ello teña qu'emborcar o ceio encol da terra que a afronta me rubre cō seu estigma vergoñoso.

Don Mendo interrumpéu bruscamente o seu falar. Un suor frío o desacougaba. Se non sentia ben. Quería erguerse e non pódía. Os que o arrodeaban esbigoaban cōs ollos sin arriscarse a lle falar. Doña Elvira domiñada por un forte arrepiamento fitaba ao seu marido sin se decidir a lle demandare ren. Tiña xa comprendido todo. Nos seus ollos brillaban grosas bágoas a desceren pol-as meixelas fallas de cōr, pálidas.

De novo don Mendo voltóu a falar. Xa máis calmo, e como repostado daquela interrupción eistrana que crebara o seu discurso prosigéu:

—Eu non sei o que sucederá. O usurpador poderá ter feito as súas contas e até terá xa decididos os seus plans pra millor abranguer o cumprimento do pacto indecoroso cuia soia proposta faría estoupar de carraxe ao home máis frío. Pro eu tamén aínda poido faguel-os meus. Sempre confiéi en Deus. E Deus, que me ten sacado con ben de tantos apuros e trafegos, me non abandoará agora tampouco. Unhos días hai aínda por diante; perante eles eu confío en atopar o medio que me permita buírar os projectos do home nefasto que en mal hora usurpóu a coroa do noso pobo. guindánda pol-a poeira, e fuxir de unha vergoña á que a miña vida se non adoitaría endexamáis.

—Agora de momento ti, miña dona, vós, meu fidel Martiño e demáis leiales servidores que sabedes como o meu fogar tamén é voso, non matinedes ren. Eu teño confianza en que sortiréi trunfante do apreto en que me atopo: Eísi, pois, deixádeme a min argallar e discurrir o que sexa máis axeitado, que si fracasara tempo haberá de cote pra tomare resoluciones que nos salven.

—Ide, pois, cada un ao seu mester qu'eu vou a termar de atopare un pouco de ben ganado descanso dimpóis dos trafegos das xornadas pasadas.

Don Mendo pōnse en pé e cruza unhas verbas coa súa dona á que cingue pol-o ban cō seu brazo. Don Mendo, con resolución, fita ao hourizonte, fora da fenestra que ten á súa beira, deixando que a ollada ande a galgare pol-os agros verdescentes que o renovo primaveiral mostra vizosos y engaioladores. Ao lonxe, a cinta de prata do río lambe, perguiceira e saudosa, as herbas miudas e moles e as froliñas sinxelas das orelas. O escintileo do sol nas augas do río ten un fervor d'escumas niveas e brillantes. Don Mendo olla abraiado, cal si fitase unha visión insospitada i-en ningures ollada. Fica calado, antramentras que o seu índice asinjala, como esforzándose porque a dona vexa o qu'él coida ver. Do río, maino e acolledor, que cingue as súas posesións señoriaes vai rubindo como unha poeira de ouro desmigallado, que fica inmóbel pra deseñar estonces unha man escintilante que non ben xurdida xa ten esmorecido. I-é de aquela cando no relembro de don Mendo a súpeta visión de iste intre fuxideiro que apenas foi, se añúa con aquela outra visión tida n-outrora, e cando no pensamento do señor reviven as verbas MAN DE DEUS que él albiscara n-aquela visión eistrana por él tida a pouco da salvación miragrosa das mans dos mouros.

III

N-aqueles días que preceden ao sinalado pr'a consumación do feito incalificábel e vergoñoso que un malvado tidoado rei pretendía levar a cabo, nin don Mendo nin os que na súa compañía moran distroítan de unha eisistencia normal. As xornadas se suceden coa prêsa insólita con que de cote se acaroa a nós todo o que se non desexa. N-eles don Mendo vive soilo pra sí, pra os torturadores pensamentos, acuciado por unha febrilidade que o acora e lle non dona punto de acougo. Quixera non vivir; quixera ceibarse da mágoa que o abafa; pro non pode. E o día mouro e acedo da cita se acaroa. Todol-os que o arrodeían participan, ao seu xeito, na traxedia sin verbas nin feitos que bule e latexa dentro do peito do nobre cabaleiro. Quixera non ser; quixera que a terra o acobillase no seu seo pra non soportar o duro trance. Nin durme nin repousa; apenas xanta ren. O seu espírito, san e limpo, revélase contra o feito que a él o afecta tan por enteiro.

As verbas aloumiñadoras e alentadoras da súa dona e dos que con él conviven na armonía exemprar de un fogar digno e cristián, zoan de continuo nos seus ouvidos. I-elas, xuntamente coa gran fe que o abura, manténieno rexo e sin caer no desespero. Don Mendo vive soio pra o feito vergoñoso. E o feito vergoñoso se acha de cote diante d'él. O seu sono, que máis que sono é un se sucedere de somnolenzas magoadoras trais das que o corpo volta á vixilia pra sufrire

aínda máis, anda a fiare un tecido de pesadelas que arrepían. Pra ver d'escorrentalas don Mendo, home de fe, gran crênte, reza fervoroso, ategado de piedade...

Rendido pol-o sono fica adormecido. Eis o seu sono: nas negruras d'unha noite pecha, sin estrelas, él olla comó avantan deica os lindeiros das terras da súa pertencenza fatos de homes mouros, que alporizan e berran cal si pretendesen matal-os ruidos da corrente de aquíl seu río que, contra do adoitado, brúan como augas fervendo a cachón. Él ouserva que traís d'él hai algo que o empuxa a camiñar pra diante, forzadamente, cando todo dentro d'él s'esforza por recuar sin conseguilo. De tal xeito vai avantando, avantando, sen se poder detere. Por máis que loita por se domiñare e ficar firme, non-o consigue. Don Mendo sintese cuberto por un suor frío. Un tremar ininterrompido lle non permite acougar. E canto máis loita por se deter e afin-care máis se decata que avanta.

O río xa está perto. As greas de homes mouros xa se albiscan acaróándose á beira da corrente. Don Mendo ouve doadamente as súas falas bárbaras. Un paso máis e a corrente mollará os seus pes. E de súpeto... unha craridade que racha ás nuvens prêtas e grosas; un silencio que mata todol-os ruidos e un intre de abraimento i-eispectación que o domiña todo. Don Mendo fica aparvado, firme, estático. Diante d'él, perfectamente visíbel, olla como das augas, deica estonces inqueda, xurde ben prezábel unha man aberta, perfectamente diseñada por un halo de luz feridora, en cuia palma, con trazo seguro, óllanse estas verbas: MAN DE DEUS. E as tres verbas fundíndose n-unha soia finan por se trocaren n-ista parola: MANDEU, que paseniño anda a s'esvaire, antramentras que as augas do río a rubíren, a rubíren, dimpóis de ausorbeia no seu seo a trocan na maciedade do fluir aloumiñador da corrente que a lúa, crebando as tébras mēstas qu'empavorecían o ceio, convirtéu logo en vieiro de prata que as arbres da riveira aloumiñan cō abaneo das súas ponlas onde a luz deposita os seus bicos lumiosos.

Don Mendo desperta espelido e arelante cal si quixese faguer realidade a visión consoladora que ós seus ollos pechos fitaron mentras dormía. Mail-a visión está fuxida. D'ela soio ficou o relembro engaiolador e abraiante que obriga a don Mendo a sentire máis fortemente aínda a obsesión que o persigue, e a vivir novos intres de desacougo e temor que o acoran e asobal-lan con torturante punzada.

IV

A soias nos apousentos do castelo señorial onde ten a súa vivenda, o fidel escudeiro Martiño fala animadamente coa súa dona e cōs fillos: Margarida, unha rapaza loira que apenas rebasa as vinte primaveiras e Xurxo, un garrido mozo, tamén na frol dos seus anos primeiros. Martiño comunica aos seus os motivos da inqueda e disgusto que tanto preocupan ao seu señor en cuia xuntanza, orfo dende ben pequeno, vivéu de cote sin sentir apenas a mágoa feridora da irreparábel ausencia paterna. E foi acarón de don Mendo como o fidel Martiño puido erguer aquel seu fogar, que era agora toda a súa ledicia e no que él, honrado a carta cabal, tiña concentrados todol-os seus desvelos e todal-as súas espranzas.

—Eu non sei, decía Martiño, qué cousa argallar pra lle pōr remedio e buscare solución ao afasco en que o meu señor se acha. E o caso é que teño e que debo de buscalo. ¡E buscaréino! Deus me terá de axudar. Mais é perciso que vós, asemade, me axudedes na empresa. O caso non é pra menos. Faise perciso todo.

Margarida bruscamente interrompéu ao pai: —¿E non haberá xeito de que en troques da filla de don Mendo qu'é, coma decides, unha das doncelas que terán de seren entregadas ao mouro pra dar cumprimento ao vergoñoso pacto, sexa outra calquera que moi ben puidera ofrescerse vountaria pra evitar a don Mendo o insuperábel e lexítimo disgusto?

Martiño fitou pr'á filla con curiosidade, inquerindo cos ollos máis que cos labres: —¿E ti coidas que se poderá atopar quen teña a suficiente abnegación pra reemprazare á ameazada pol-o tributo sen nome que un mal tiduado rei cristián, un miserábel usurpador, non vacilou en acceptare?

—Non soio o coído, meu pai, sínón que o afirmo. Eu agora mesmo xa sei de unha doncela que non dubidará en reemprazare a llduara, sempre e cando tal se lle premita por quen pode e debo faguelo.

—¿Qué dis, Margarida? —repuxo Martiño como querendo esbigoar e cicáis adiviñar o segredo que aquelas verbas da súa filla choían.

—O que vostede me oie. E si quere saber máis, agora mesmo vai a sabelo, sempre que me done a súa licenza.

—Podes falar, Margarida. Sospeito o que a túa bondade natural, isa bondade que sempre te adobiou e pra cuia loubra se non pōden atoparen verbas axeitadas, tén matinado e decidido. Cicáis as túas verbas malfiran o meu ánimo, pro, con todo, eu quero ouvilas. Non agardes máis.

—Ti ben sabes, meu pai, como o sabes ti, miña nai, e como o sabeades todos, que houbo un día en que as vidas de don Mendo e a túa estaban a punto de remataren. Miragrosamente un ánxel, porque ánxel é máis que persoa, vos deu'a salvación cando non-a agardábades. Ise ánxel

foi llduara, que consagrada ao Señor vontariamente, dende os días aínda non distantes en que a súa mocidade andaba a frolescer como frolesce unha rosa cando nõ decorrer dos días se abre à primavera, por feliz presentimento, e abandoando o seu retiro, corrèu en procura do perigo pra terminar de alonxalo, sin se decatar que a obra que iba a realizare ad seu pai favorecería, e cõ seu pai ao meu, qu'eiqui m'está escoitando. Si ela estonces che salvóu a vida, ¿qué menos teréi de faguer eu, agoña, que correspondere a aquel feito, tornando de salvar a situación comprometida en que se atopa a que salvóu a vida do meu pai, devoltando eisí a don Mendo, que foi de cote o noso pai e a nosa salvación, o acougo que un home malvado lle roubóu ao comprometerse ao pago de un trabuço que lle permitirá vivir unha vida de vergoña afincada na deshonra e no crime?

—Son eu, eu mesmo, a que me ofrezco a todo. Se me non oculta que coa miña decisión levo ao sagrefizo todal-as miñas ilusiõns; que boto no chao con todol os projectos por min aloumiñados e que, irreparabelmentes, forzo a viviren o sagrefizo non soilo a vos, meus familiares, sinõ tamén a Paulos, que tan feliz era tecendo grinaldas de ilusiõns pra adobiar os idilios venturosos en que andaban a se desenrolaren os nosos días.

Don Mendo ficóu entre abraiado e caviloso. O mesmo sucedèu aos demáis qu'escoitaban a Margarida. A primeira en crebar aquel silenzo enfadoso foi a mesma Margarida.

—Non vos preocupedes pol-o choio. Adiantándome a tódo, eu xa tratéi do caso con Paulos. E xuntos discurremos, argallamos e chegamos à concepción de un plan que, sempre que vós non vos opoñades, teremos de levar a cabo. Deus nos axudará. De tal xeito iremos adiante e todo se terá salvado.

Aínda prosigüéu a conversa perante longo tempo. Margarida coas súas verbas ateigadas de seguranza, asisadas, foi ganando, paseniño, a convicción dos seus débedos e adentrándoos nas redes do seu plan.

Aquela xente xenerosa, témera de Deus, fervorosamente cristián e honrada, ficóu presa nos argumentos de Margarida. E Margarida fivo a virtude de pór luz, donar caridade n-aquel fogar venturoso cando xa mestas somas de medo, de arrepío, de preocupación fonda, escomenzaban a envoltalo, póndo enriba d'él o fatelo da súa pesadume.

V

Era à caída do día, na hora solemne en que os contornos das cousas escomezan a desdibuxarse, ficando esmorecidos os perfies e confundidas as côres, entramentres que os recendos das prantas adquiren maior intensidade e as estrelas inician os seus acenos escintilando nas outuras. Os cans axexantes lanzaban os seus ladridos, ferindo o silenzo do encanto noitébrego. E o río entoaba a súa cantiga sedante, que s'embarcaba encol dos espiritos comó unha man docisima que aloumiñara sin tocare

Na porta da súa casa, Margarida parolaba à beira do mozo. A conversa era animada e viva por ambas partes. Non tiña como n-outras vegadas aquel matiz predomiñante n-unha fala d' enamorados, sin que por iso as verbas adoitadas estiveran totalmente ausentes. O tema era o suceso que a todos no castelo tiña interesado e conmovido. Margarida xa pranteara en conversas tidas con denanterioridade, o seu projecto a Paulo. E iste, disposto de cote a aceptar os desexos de Margarida, non dubidóu en dar o seu asentimento ao plan qu'ela lle propuxera.

Margarida decía: —Estamos, pois, n-iso. Don Mendo non quería aceptar o meu ofrecimento e foi moito o que tivemos que loitar meus pais e máis eu por abranguer o seu asenso. Pro xa está lozrado. Eu pasaréi pol-a filla d'él. E ti me acompañarás como paxe da miña confianza. Chegado o momento, ti e máis eu fuxiremos. Coñecendo, como coñecemos, os recunchos todos do noso país no-nos será difícil abranguer-a fuxida. Deus protexerá a nosa empresa e a bendecirá, faguendo que conquiramos un éxito total. Dimpóis non haberá ren que impida a nosa unión definitiva. E xa viviremos felices todo o tempo que reste da nosa eistencia.

—É tan grande a fe que me inspiras i-é asemade, tan grande a confianza qu'en ti teño—non en balde endexamáis turbóu o noso amor a máis pequena nube— que todo o que ti me dis é pra min verba sagra. E si denantes, cando ningunha dificultade tiña xurdido diante de nós, mentras andábamos a percorrer un camiño alfochado de ilusiõns que amor trocaba en froles pra que ti, antre elas, te amostrases como a máis vizosa, como a máis xúrdia, eu afirmaba que te non abandoaría nunca, agora que a dificultade xurdéu é cando máis afirmo que ninguén nada me afastará de tí, inda que pra elo sexa perciso faguer as máis grandes loucuras ou teña que afrontar as máis témeras continxenzas.

Margarida calaba ensinismada, ouvindo as verbas apaixonadas e quentes que o seu noivo lle decía. Nos seus ollos grandes e azúes brillaban as pérolas brilantes das bágoas. E os cabelos loiros como novelos de seda natural eran abalados pol-a bris doce da noite silandeira, que traía às súas frontes o bico macio da natureza, acobillada na envoltura das somas e fortemente calada, cal si escoitase con envexa a ledicia groriosa de aquela conversa d'égioga.

Aínda non romper o día e xa todo o mundo se achaba ergueito no castelo. Estaba disposto que ao inicio do serán s'emprendera o viaxe ao punto asiñalado pra fague-la conxunción os enviados que, de diferentes partes da ample comarca, conducirían as doncelas destinadas a seren vítimas do vergoñoso pacto estabelecido antre o usurpador da coroa cristián e o emir musulmán.

Pasaron fuxidas as horas e axiña chegou o intre da partida. Na comitiva salida do castelo figuraba don Mendo á testa, montando un brioso cabalo e levando ao seu costado a cabalgadura en que iba Margarida, dende agora xa trocada en Ilduara, a filla de don Mendo, que, valente e confiada, marchaba resolta e disposta á perigosa empresa en que se metera vounfariamente, por imperativo de unha xenerosidade magna e sin igual. Trais d'eles marchaba Martiño e outros dous servidores. E moi perto de Margarida, ao flanco d'ela, sin deixala nin un instante, cabalgaba Paulos, fermando de manter viva a conversa coa súa noiva, e procurando ambos soste-acer a aquela confianza providencial que os sostíña e lles daba azos.

A metade da xornada sería andada cando as nuvens escomenzaron a ocultaren o ceio que deica estonces estivera casi limpo. Pequenas masas grises se iban aglutinando até formaren outras meirandes. Unha calor eistrana rubía en intensidade, pondo nos corpos preguiza e des-azo. A cór do ceio andaba a se tornare a cada intre máis escura e ameazadora. Encol dos viaxeiros caeron moi arredadas unhas grosas pingotas. Un lóstrego escinfilou súpeto, soando a pouco o aspro rorquido de un trono distante. Da terra semellaba erguerse un vaso agostador que dificultaba o respiro. Os viaxeiros trataban de apural-a marcha, fermando fuxir do trebón que estaba a se producir.

Don Mendo, sempre na testa da pequena comitiva, caviloso e preocupado, non deixaba de pregar a Deus pol-o bon remate de aquel suceso que andaba a pasar.

Os noivos — a finxida Ilduara e o namorado Paulos — non suspendían a súa animada parola cal si marchasen indiferentes a todo o que non fose eles mesmos.

Ao lonxe xa se albiscaban pequenos fatos de xinetes que, a xusgar pol-as semellas, debían marchar en procuro da mesma finalidade. Na outra beira do río ollábanse xentes eistranas con aparencias de agardaren. Don Mendo, sospeitando quenes eran, despachou a un dos seus seguidores, gran xinete, pra que, adiantándose ao resto da comitiva, esbigoase si aqueles eran os enviados do mouro, xa chegados ao punto fixado pra levar a cabo o pago do trabuco vergoñoso. Antramentrás, a pequena cabalgada fixo alto, ácochándose n-unhos roquedos ergueitos ao pé do camiño, có fin de agardar ao enviado e termar, ao mesmo tempo de pôrse a cuberto da tromenta.

Dende o seu outo, don Mendo e os seus fitaban arelosos e ategados de temor o inicio da tempestade que se desencadeaba con brio eistrordinario.

Os lóstregos se sucedían ininterrumpidamente. Unhas rachas aspres e súpetas percorrían a terra que semellaba esigar de sede pra cair logo no calmuzo abafante precursor da tormenta. O bruido resoante dos tronos s'espallaba a eito, chegando até os recunchos máis ocultos e arrincando d'eles un ecoar medoñento que rubraba rexo aquela salvaxe sinfonía cósmica que a natureza encetaba con semellas d'espanto. A luzada do día se amingoara notabelmentes coincidindo coa negrura do ceo, que tiña abranguido o seu grado máisimo e que, n-algures, tiña semellas cárdenas e violáceas.

Caían as centellas, zigzagueando como cóbregas de fogo brillante que se amergullaban na terra, antramentras que a choivá descía mēsta e arroladora, improvisando ríos alporizados, faguendo xurdir fervezas e levando por diante canto atopaba ao paso.

Don Mendo, abraiado, absorto, fita ba cos ollos moi abertos e braceaba. Un indice seu asinalaba algo eistrano. Do río rubía un craror intenso, deslumeante. E n-aquel craror, como soerguendo d'él, xurdían os relevs ben sulñados de unhas letras que, con toda craridade, decían: MAN DE DEUS, e que findaron axiña por s'esvairén antre o balbordo das escumas ferventes, o estroncio dos tronos e o súpeto relumear dos raios que pintaban nas nuvens fuxitivas e bermellas craridades de incendio.

A tromenta estaba pasada. A pos d'ela todo ficara arrasado. E nas augas desbordadas do río, que cubrían total-as ribeiras, frotaban cadáveres de persoas e animaes, anacos de arbres, garamallos, que o río arrastraba impetuoso, como arelante de levare moi lonxe aos que pretenderan seren participantes de unha vergoña que findaba de malograrse de xeito providencial e insospeitábel.

E no ar, que paseniño iba sereándose, ficaba pr'aqueles homes que gozaran do miragre da súa salvación, a lembranza imperecedeira d'aquelas letras de luz que xa pra sempre, e como impronta indelével, formarían de cote o nome do río que tiña sido instrumento do miragre.

E P Í L O G O


Desaparecido o usurpador, que en mala hora fixera súa a coroa cristián valéndose das piores mañas e aceptando, pra se asegurar a paz do mouro, todas as vergoñas e imposicións deshonrosas que iste lle quixo impór, o acougo e a paz voltaron a aquelas terras de beizón nas que don Mendo, o señor valente, cristián e honrado por riba de toda gabanza, exercía a súa xurisdicción. Do feito abraiante, que non faguía moito tempo ocorrira, ficaba ergueita e viva a lembranza. E xa nos labres, semellantes a débiles miñocas das vellas aboas, andaba a choutare o relato inxénno do maravilloso feito contado a carón do lar que os netos, abraiados, ouvían con intrín fondo, deixándose gañar pol-o engado sutil que n-él se choía. Trail-os medos e os horrores da tempestade que apouvigara, con rudeza sin par, os corpos e os espíritos dos moradores d'aquela terra virxiliana, doce e macia como un feitizo de muller, de novo voltara a paz e de novo xurdira o decorrer das xornadas doadas e felices.

Na pequena capela do castelo señorial findaba de se realizar o casoiro de unha feliz parella que don Mendo e a súa dona apadriñaran. Paulos e Margarida xa estaban avencellados pol-o noo que soilo a morte debe desfaguer.

Diante dos asistentes á cerimonia nupcial, don Mendo faguía as derradeiras recomendacións e ratificaba os seus ofrescimentos xenerosos. Un crego leía en voz outa e crara o confido de un documento, que os asistentes escoitaban coa meirande atención, e que nos seus ringlóns derradeiros contiña estas verbas: «E mando, pra que de todos sexa coñecido, que as terras qu'eu dende agora dono a Margarida e a Paulos sexan, percisamente, das que bica coa súa corrente o río Grande, ao que dende hoxe chamaredes Mandéu, xa que os feitos miraculosos que n'él se desenrolaron eisi o piden e a miña vountade, que tanto ben debe a Deus, eisi o quere».

RAMÓN VILLAR PONTE

(De la Real Academia Gallega.)



Plaza del General Franco.